

NOVELA

A violencia e o terror

12.04.2011 Chelo Suárez: "Creo que queda aínda moito que escribir, moito que dicir sobre a guerra civil, e que un non debe estar calado. Só a verdade poderá curar as feridas"

M. DOPICO . SANTIAGO

Chelo Suárez muda de tema, pero non de xeito de escribir, na súa última novela, *As horas rotas*, (Sotelo), co que gañou o Premio Loureiro Rey 2010. O lirismo, a rebelión contra a violencia de xénero ou o ronsel da sensualidade conectan este libro cos anteriores da autora, que está agora a traballar nun poemario que dedicará ao poeta Lois Pereiro. *As horas rotas* indaga no xeito no que a vida das persoas, en especial as mulleres, quedou tronzada polo terror imposto tras o golpe do 36.



O libro de Chelo remata cun poema de Miguel Mato Fondo
FOTO: AXENCIAS

Volve aparecer a violación, como en "*Os milagres de Cristamar*". E a violencia en xeral, aínda que os contextos sexan distintos...

A violación é moi común nas guerras, non só o foi na nosa guerra civil. É algo que hai que denunciar. É ese impulso horrible...

Salientas moito a idea de que o golpe e a guerra foron froito da ignorancia e do fanatismo...

Foron uns cantos os que deron o golpe, e moitos outros os fanáticos que o secundaron. Foi unha guerra cainita. E creo que canta máis ignorancia haxa máis doado será que se obedeza, que non se faga fronte, a xente como a que causou a guerra.

Pero non hai que caer no discurso da guerra das pelexas por envexas entre veciños, non si?

Non, claro, a guerra tivo un fondo político, e na novela vese como hai xente detida polas súas ideas republicanas... Pero tamén é certo que houbo xente que aproveitou para a vinganza, e xente que se beneficiou coa guerra, como os estraperlistas que especulaban coa fame.

Hai tamén unha pegada da túa poesía, partes bastante líricas aínda que sexa prosa. E tamén está presente a sensualidade como en "*Corpo de mar*" ou "*A venus de Cristal*"

Si, neste libro está a sensualidade da fraga, ou a dos rapaces namorados, ou a de Laura e Estela. A sensualidade está na natureza, nos animais, e por suposto, e onde máis, nos humanos. A lírica pódeme, non hai bo libro que non teña algo de poesía.

Os capítulos, sobre todo os do principio, poderían lerse como contos separados.

Podes abrir o libro polo medio, ler un capítulo concreto, que che dirá algo, si. Aínda que hai continuidade entre eles. Tamén vai mudando a voz do narrador... Algo que me gusta moito son as cartas do pai da protagonista, unha chea de esperanza, escrita en Madrid, e outra que é tan distinta, cando o van matar. Ó final é a fraga quen fala...

É o principal obxectivo recrear o ambiente de terror da época? Falas do que din os historiadores: en Galicia case non houbo guerra, pero si moita represión...

O medo, o terror, son ideas fundamentais. Os rapaces, Antía e David, están a salvo na fraga, pero as súas nais nin marchando da Coruña o están, pois a guerra vai detrás delas. O home que

viola a Laura e a ameaza con facerlle dano á filla...

OPINIÓNS

A crueldade de expatriar os nenos

Chelo Suárez amosa na conversa o seu horror ante os roubos de nenos, -coa complicidade da Igrexa- para entregárlelos a familias falanxistas, ou ante a expatriación de nenos á que levou a guerra. "Creo que foi o máis cruel da guerra. Separar os nenos das súas familias, facerlles marchar a países nos que nin coñecían a lingua... Era todo o que pasaba tan sórdido, tan cutre... e isto xa foi reflectido por outros escritores", comenta.

DATOS

Feitos reais como inicio

Estase a escribir moito sobre a guerra, non si?

Si, pero eu non entendo as persoas que din ¡outra novela sobre a guerra civil!, como se fose todo redundancia. Creo que queda aínda moito que dicir sobre a guerra, e que un non debe calar. Só a verdade poderá curar as feridas.

Inclúes algún feito real como a morte de Lorca ou de Juana Capdevielle.

Pareceume un bo punto de partida o de Juana. Ese momento no que comezaban a pasar cousas, e a xente decatábase de que algo pasaba...

Mulleres que se rebelan

Hai un contraste entre a historia de David e Antía, e Laura e Estela, que se rebelan...

Antía e David están alleos a todo. Laura e Estela son mulleres intelixentes, instruídas, que tentan protexer os fillos. O home que lle causa tanto mal a Laura sempre estivera namorado dela, e aproveita a situación. E iso pasou moito na guerra. Pero ela planifica desde o principio o que vai facer...

Laura é como Frida Kahlo, unha muller forte e ferida. E a súa filla terá unha boa vida en México. Hai esperanza...

Si, a nai consegue salvala, enviándoa a México, onde vive coa tía.